



A Semana Santa de Ferrol, preparada para saír á rúa

Todo está preparado xa, a poucos días da celebración dun novo Domingo de Ramos, para que a Semana Santa de Ferrol saia de novo a rúa. Chega a celebración da Paixón máis cedo do habitual e con horario de inverno, xa que ata a madrugada

do día 31 non se cambiará o reloxo. O calendario impediu encaixar todas as citas habituais, pero a Xunta de Confrarías non faltou ás máis importantes, a presentación da revista Ecce Homo e o pregón, que se celebrou o pasado 16 de marzo

nun teatro Jofre cheo de público. Un ano máis, a Semana Santa de Ferrol vai ofrecer as retransmisión das procesións por streaming e manterá a información actualizada a través das redes sociais e a nova canle de mensaxería Whatsapp. • Pax. 2



Marta Corral, a pregoeira, autora da crónica emocional da nosa Paixón

Publicamos unha entrevista coa pregoeira da Semana Santa de Ferrol 2024, a xornalista Marta Fernández Corral, feita días antes do acto no

Jofre. Tal como anunciou naquela conversa e puideron comprobar quen asistiu, o seu pregón foi unha crónica emocional da nosa Paixón. • Pax. 7

Dolores abrirá o corralón nas tardes que sexa posible

A Confraría de Dolores celebrou a beizón da súa nova imaxe de Xesús atado á Columna, primeira figura dun paso que sumará outras nos anos próximos. Tamén como novidade, a irmandade abrirá ao público o corralón durante as tardes, sempre que sexa posible e sen interferir nos preparativos das saídas. • Pax. 3

A Mercé suma a saída de Xesús da Humildade

A Confraría da Mercé suma ao procesionario da Semana Santa a procesión de Xesús da Humildade no Bico de Xudas, e abrirá ao público a entronización de Nosa Señora dos Cativos. • Pax. 5

Acompañamentos musicais de 2024

As agrupacións e bandas confrades de Ferrol volverán ser as encargadas de marcarlle o paso ás procesións, nas que tamén estarán algunhas agrupacións de fóra, como a Banda de Nosa Señora da Misericordia de Viveiro. • Pax. 6

Chega unha Semana Santa madrugadora, cos streamings e a información ao día

Estar pendentes da meteoroloxía vai ser obrigado nesta Semana Santa de 2024 que chega cedo, recién estreada a primavera, e que se vai celebrar en horario de inverno. Non será ata a madrugada do Domingo de Resurrección cando haxa que adiantar o reloxo: ás 02.00 serán as 03.00, e haberá unha hora menos de sono para chegar a tempo ao Gozoso Encontro.

O apretado calendario levou tamén a non celebrar o Certame de Bandas e o Vía Crucis, pero á marxe desas circunstancias, a Xunta de Confrarías

apurou o paso para cumprir coa presentación da revista e o procesionario, así como co pregón, que tivo lugar o pasado 16 de marzo nun teatro Jofre atestado de público e que asistiu tamén á entrega de Medalla de Ouro ao vicealmirante Ignacio Frutos.

Non será ata a madrugada do día 31 cando haxa que adiantar o reloxo

Neste 2024 no que a Semana Santa de Ferrol

cumpre dez anos co título de Interés Turístico Internacional poderán seguirse as procesións por streaming, na canle de Youtube, e a Xunta de Confrarías manterá a información ao día para que ninguén perda nada. En cada xornada estará nas redes sociais a axenda de procesións, co horario e o link ao itinerario -houbo algún cambio xa anunciado con respecto ao que está no procesionario en papel, fundamentalmente nalgúns procesións de Dolores-. Tamén funcionará a canle de Whatsapp, que nestes momentos

conta con preto de 800 seguidores, para facilitar toda a información. Notificarase ao momento nas redes e a través de dita canle calquera cambio do programa.

Ademais, na web www.semanasantaferrol.com está publicada toda a información das procesións e pode descargarse o procesionario en versión "smartphone". Na mesma web está tamén a nova edición da revista Ecce Homo para a súa descarga en versión dixital, da que saíron 7.000 exemplares en papel xa case distribuídos gratuitamente. •

A Confraría da Soidade celebra con varios actos o 75 aniversario da procesión do Cristo dos Navegantes

A historia da Confraría da Soidade está ligada a Ferrol Vello e desde hai dous anos, intimamente unida á parroquia do Socorro, coa que organiza a procesión do Cristo dos Navegantes sen alterar a súa singularidade. Neste 2024 celébrase o 75 aniversario deste desfile, tan arraigado ao barrio mariñeiro, con varios actos.

O investigador Pedro Javier Rodríguez pro-



nunciará unha conferencia sobre o Cristo o Luns Santo, á 19.00h na Sala

Curuxeiras do Porto. Ao día seguinte, ás 18.00h na igrexa do Socorro, dirase o Sermón das Sete Palabras. O Mércores Santo estará á veneración dos feis a imaxe do Cristo dos Navegantes, desde as 16.30h, celebrarase a misa, como é habitual, e ás 19.00 sairá a procesión.

No preámbulo desta Semana Santa, a Confraría da Soidade celebrou un acto institucional para entregar o patronazgo do

seu Cristo da Boa Morte á agrupación local de Protección Civil. A irmandade recoñecía así a permanente colaboración dos voluntarios.

Cómpre recordar que este ano, o Domingo de Resurrección, a Soidade variará non só o lugar de chegada da procesión de Xesús Resucitado ao Encontro coa súa Nai, senón tamén o de saída. Partirá de San Xiao, cara a praza de Armas. •

La Cofradía de Dolores estrenará el Martes Santo la imagen de Jesús de la Columna

Sin duda el estreno de la nueva imagen de Nuestro Padre Jesús de la Columna es la gran novedad de la Venerable, Real e Ilustre Cofradía de Dolores, la más grande de la Semana Santa de Ferrol y por tanto la que realiza el mayor esfuerzo de coordinación para sacar a la calle a más de mil cofrades y 13 imágenes en las siete procesiones -y un traslado- que organiza del Domingo de Ramos al Viernes Santo.

Jesús de la Columna es obra del imaginero sevillano Fernando Murciano, escultor con varias obras realizadas para la hermandad servita y que estuvo presente, y emocionadísimo, en su bendición el pasado 16 de marzo en San Julián. Se trata de la imagen de mayor envergadura que ha realizado hasta el momento el artista, un Jesús de tamaño natural tallado en madera de cedro, policromada al óleo, que lo representa después de haber sido flagelado. Es la primera figura de un paso de misterio que se irá completando en los próximos años, según lo previsto, con un flagelador, un romano y Caifás.

También ha mejorado este año la Cofradía de Dolores el llamado “trono



Ferrol”. Se ha reforzado la estructura y colocado banzos nuevos, en el mismo taller de Cándido Hermida del que salió en la década de los 80 para portar, originalmente, a la Virgen de los Dolores. Llevaba, en origen, un es-

cudo de la ciudad, al igual que el manto de la Virgen, de ahí su nombre, si bien posteriormente se sustituyó este elemento de su frente por el escudo de la cofradía con un cáliz y la Sagrada Forma. El trono Ferrol se utiliza ahora

para procesionar con el Cristo Rey y la Santa Verónica.

El nuevo escudo del Tercio de la Verónica es otra de las novedades de la Cofradía de Dolores, que en este 2024 celebra el 25 aniversario de su actual Cristo de la Misericordia, obra de José Romero Benítez y primera talla en Ferrol de un imaginero andaluz. Cabe recordar también que se cumplen 75 años desde aquel Viernes Santo en el que por primera vez unos cofrades de Dolores salieron para acompañar a San Juan Evangelista ataviados con capuz. Fueron los primeros “capuchones” y marcaron una nueva etapa en la Semana Santa de Ferrol. •

Otras novedades en la hermandad servita

Es cierto que esperábamos ver ya, en la Semana Santa de este año 2024, terminadas las obras en la iglesia de Dolores. Permanecerá cerrada todavía, pero sí realizará este año un esfuerzo la hermandad servita por abrir las puertas del corralón, entre las cuatro y las ocho de la tarde y siempre y cuando la organización de las procesiones lo permita, para que los fieles y cofrades puedan acercarse a los pies de sus imágenes ya preparadas para la salida.

La Cofradía ha anunciado también que realizará una recogida de alimentos no perecederos, que se prolongará hasta termi-

nar la Semana Santa, a través de los locales que temporalmente abren algunos de sus tercios en diferentes bajos del barrio de A Magdalena.

Además, la Cofradía que preside José Ángel Vázquez entregará sus Medallas de Oro, en el ya tradicional acto que tiene lugar cada Jueves Santo. A las 18.00h actuará la Brilat en la plaza de Amboage y a las 19.15h se celebrará en el Casino la entrega de las distinciones, que este año son para Francisco Vázquez, exalcalde de A Coruña y exembajador de España en el Vaticano, y para el empresario Ignacio Rivera. •

Las Angustias rehabilitó el Cristo del Perdón y el Yacente

El presidente de la Cofradía de las Angustias, José Ramón Cance-lo, comentaba hace poco que lo “nuevo” de este año seguramente se va a notar poco. Ha realizado la hermandad un gran esfuerzo en la rehabilitación de otras dos imágenes, el Cristo del Perdón y el Yacente, así como en la restauración de parte del trono plateado de la Virgen. Además, se han comprado nuevos instrumentos para la Banda de Tambores, Cornetas y Gaitas de la Cofradía, después de 30 años.



Por otra parte, la hermandad recupera sus recorridos de siempre -que el año pasado modificó ligeramente por unas obras que entrañaban peligro- y volverá a sacar a

hombros, en la tarde del Sábado Santo, a Nuestra Señora de las Angustias.

La Virgen Coronada será llevada otra vez a hombros en la tarde del Sábado Santo

Como se recordará, en el pasado 2023 se recuperó la tradición de hacerlo bajo trono, como se había hecho entre 1956 y 1992. Será de nuevo el único paso portado de esta manera en la Semana Santa de Ferrol. •



este Cristo, cuyo estado es muy delicado, ya que la Hermandad estudia encargar una réplica.

Cabe avanzar que todos los focos de las cámaras fotográficas estarán este año en la Hermandad del Santo Entierro, dado que será la protagonista del cartel de la Semana Santa de Ferrol 2025. •

Los objetivos se fijarán en el Santo Entierro

La Hermandad del Santo Entierro llega a esta Semana Santa con la concatedral libre de andamios y la calle de la Iglesia despejada para volver a su recorrido de siempre, tras salir el pasado año por Irmandiños.

Antonio Sixto, el nuevo hermano mayor, presidirá el Sábado de Pasión la Jura de Reglas e Imposición de Hábitos, en la que se hacen oficiales las nuevas altas, este año las de siete numerarios -cinco mujeres-, dos mona-

guillos y el reingreso de otro numerario. En este 2024 se rebaja a los 12 años, en lugar de 14, la imposición del babero.

La hermandad instalará la capilla-túmulo en la tarde del Miércoles Santo y quedará expuesta hasta la salida de la procesión el Viernes Santo. Se celebrará justo antes la Ceremonia del Desenclavo con el antiguo Cristo que se guarda en el baptisterio de San Julián. Será muy probablemente el último año en el que se utilice

La música coral cobra protagonismo

La música coral está cobrando protagonismo en la Semana Santa de Ferrol. Por tercer año consecutivo se celebra el ciclo de Música Sacra organizado por el Coro Diapasón, que comenzó el 17 de marzo y que continuará el 23, a las 20.30 en la concatedral, con la actuación de Los Sabandeiros. El 31 de marzo, Domingo de Resurrección, será la tercera cita con este ciclo, a las 20.00 en San Julián. Actuarán Coral de Letras (Oporto) y Coro Diapasón.

Además, la Coral Polifónica Ferrolana “A Magdalena” ofrecerá el 22 de marzo en San Francisco el Concierto Sacro de la Semana Santa de Ferrol. El programa del recital incluirá “Las Siete Palabras” de T. Dubois, que tradicionalmente se interpretaba en esta cita ya en tiempos del coro del Padre Fanego. Para la ocasión, la Polifónica Ferrolana contará con la colaboración de solistas destacados, la soprano Patricia Rodríguez Rico, el barítono Gabriel Alonso y el tenor Pablo Martínez, así como con una orquesta dirigida por Pedro M. Montilla.

A Mercé cumpre un sono coa estrea de Xesús da Humildade no Bico de Xucas

A Confraría da Mercé está de estrea esta Semana Santa. De estrea e medrando, porque a irmandade non só ten un paso novo senón que con el chega unha nova procesión e un novo terzo. Noso Pai Xesús da Humildade no Bico de Xucas foi presentado e bendicido o pasado día 15 e vai ser o protagonista da tarde do Xoves Santo.

A procesión que leva o seu nome sairá da capela mercedaria ás 18.30, despois de que na praza de Amboage remate a actuación da Brilat. A Semana Santa de Ferrol ten con este paso, por primeira vez, unha obra feita por unha imaxineira muller, a gaditana Ana Rey, que estivo presente na súa beizón. A banda Acotaga estreou no mesmo acto a peza "Humilitas Dei", escrita por Miguel Ángel Font expresamente para este paso de misterio e que desde este ano pasa a enriquecer o acervo musical da nosa Semana Santa ferrolá.

O novo paso de misterio recibiu xa o seu primeiro agasallo, un presente moi especial e cargado de sentimento que a irmá maior, Helena Pena, agradeceu no acto de presentación. Un confrade mercedario, marino



de profesión, regaloulle a medalla que recibiu pola súa participación na misión Sophia de loita contra o tráfico con seres humanos no Mediterráneo. A medalla leva grabado

o número 1.199, que son as persoas rescatadas polo seu buque durante o tempo que exerceu o mando en dita misión.

Chega tamén a Mercé a unha nova Semana

Santa despois do seu Ensaio Solidario polas rúas do centro. Desta volta os portadores, acompañados por Acotaga, recolleron 322 quilos de alimentos con destino a Balrial. •

A entronización de Nosa Señora dos Cativos, na noite anterior á súa saída, será este ano de portas abertas

A irmá maior da Mercé, Helena Pena, anunciou recentemente a decisión da confraría de dar un paso máis para que "a Semana Santa non sexa só dos confrades, senón que sexa de Ferrol e que quen o desexe poida estar e vivila como o facemos nós". Así, a cerimonia da entronización de Nosa Señora dos Cativos, que habitualmente se fai a porta pechada no interior da capela do Tirso, vai ser desta volta aberta. O acto desenvolverase ao rematar a procesión de Dolores do Martes Santo, e as persoas que queiran, con-



frades ou non, poderán achegarse e contemplar a colocación da Virxe no trono, para a súa saída do Mércores Santo.

As bandas que marcarán o paso en 2024

Nesta temperá Semana Santa, que non deixou espazo para o tradicional certame de bandas, as marchas procesionais inzaron igualmente Ferrol para anunciar a chegada dun novo Domingo de Ramos, como as badaladas das campás das igrexas chaman aos feis á misa. Foi nos diversos certames e concertos organizados polas propias agrupacións, xa que a choiva frustrou en parte os recitais que se organizaran nas prazas e espazos públicos de Ferrol na tarde do 16, nas horas previas ao pregón. Estas son as formacións que marcarán o paso desta Semana Santa 2024 en Ferrol:

Estreará o procesionario Nosa Señora do Nordés (OJE Ferrol), que abrirá o desfile de Xesús Amigo dos Nenos das Angustias. Na mesma irá cerrando a Banda de Tambores, Cornetas e Gaitas de Nosa Señora das Angustias. Quince minutos antes que o pasado ano comezará a procesión da Entrada Triunfal de Xesús en Xerusalén, na que de novo irán a AM do Cristo da Boa Morte tras a Cruz Guía, a Virxe da Amargura na traseira de San Xoán e a Banda do Noso Pai Xesús Nazareno coa *Borriquita*.

No mesmo Domingo



de Ramos, a procesión do Ecce Homo da Soidade contará coa banda Nosa Señora da Misericordia de Viveiro, que xa a acompañara o ano anterior, así como coa Banda de Xesús Nazareno e a agrupación do Cristo da Boa Morte.

A procesión de Dolores o Luns Santo irá acompañada por Acotaga, Virxe da Amargura e a agrupación do Cristo da Boa Morte. Ao día seguinte, o Martes Santo, estarán Nosa Señora do Nordés, Boa Morte e Banda Misericordia de Viveiro na procesión do Cristo da Boa Morte. A continuación o desfile de Dolores avanzará ao ritmo que marquen Virxe da Amargura, Acotaga e Banda de Noso Pai Xesús Nazareno.

O Toxos e Froles, a agrupación do Cristo da Boa Morte e Acotaga acompañarán a procesión da Mercé, a primeira do Mércores Santo. A saída do Cristo do Perdón das Angustias terá a música de Nosa Señora do Nordés, a Banda Municipal de Oza-Cesures e a Banda das Angustias e a confraría de Dolores pechará o Mércores Santo cos Timbaleiros e a Banda Municipal de Narón no seu desfile do Cristo Xacente.

O Xoves Santo comezará, musicalmente, coa xa tradicional actuación da banda da Brilat en Amboage. Será ás 18.00h, media hora antes de que dea comezo a nova procesión mercedaria do Noso Pai Xesús da Humildade

no Bico de Xudas, na que marcará o paso a banda Acotaga. A procesión das Angustias será a seguinte nesa tarde e irá con Nosa Señora do Nordés, Banda das Angustias, Banda de Oza-Cesures, Capela Musical e a Unidade de Música do Terzo Norte de Infantería de Marina.

Pola noite, a procesión do Cristo da Misericordia avanzará con Acotaga, Boa Morte, Amargura, Noso Pai Xesús Nazareno, a Brilat e a Banda de Música de Narón.

O Santo Encontro do Venres Santo contará cos Timbaleiros, Noso Pai Xesús Nazareno, Boa Morte, Virxe da Amargura e Banda de Música de Narón. O son da tarde comenará con Acotaga, que marchará co Crucificado da Mercé. Despois chegará o Santo Enterro, que irá acompañado da banda do Terzo Norte.

Os Timbaleiros serán o único capítulo musical dos Caladiños e xa o Sábado Santo estarán na Caridade e o Silencio a Banda das Angustias e unha Capela Musical.

O peche do Domingo de Resurrección correrá a cargo de Agarimo de Catabois e Boa Morte (coa Confraría da Soidade), Acotaga (coa Mercé) e a Banda das Angustias (coa das Angustias). •

Marta Fernández Corral, pregonera de 2024

“La información de la Semana Santa es muy bonita de hacer y muy agradecida”

Cuando vea la luz este PaixónxFerrol, Marta Fernández Corral ya habrá leído su pregón de la Semana Santa de Ferrol. Hablamos con ella días antes, cuando ya tiene su texto casi listo y en medio de la vorágine de su trabajo diario de periodista, en un momento profesional particularmente intenso por su reciente incorporación a Diario de Ferrol.

► *¿Qué tal esta nueva etapa en Diario de Ferrol?*

► Es un cambio grande, primero porque yo era una periodista totalmente digital. Para mí el papel es nuevo. Está siendo muy bonito y muy ilusionante. Estoy ahora muy centrada en la Semana Santa, Diario de Ferrol está haciendo una apuesta muy fuerte por este tema, y después voy a ocuparme de reportajes que no estén tan sujetos al día a día. Y estoy encantada con mis compañeros, aprendiendo de ellos un montón.

► *Hace cinco meses que te nombraron pregonera. ¿Desde entonces tienes la Semana Santa en mente?*

► A las dos o tres semanas de que me llamase César Carreño pegué en una pared de mi casa un papel



de estraza, lo dividí en los días de la Semana Santa y fui apuntando cosas. Esa fue mi manera de ir construyendo el pregón. Cada día, en cada momento, mi cabeza está en eso. Va a ser una crónica emocional de la Semana Santa, así lo he concebido porque no sé hacer otra cosa. Es muy sensorial, apelo a olores, sabores, al tacto, al oído... se mete en los sentimientos de la gente a la que le gusta la Semana Santa para que todo el mundo, aunque sea un momento, se sienta apelado y se sienta representado.

► *Desde tu punto de vista de periodista, y en relación a los medios locales, ¿crees que la Semana Santa es todavía una gran desconocida?*

► A los medios de comunicación nos come el

día a día... De repente ya es Semana Santa otra vez y nos cuesta mucho dedicar recursos humanos a contar bien la Semana Santa. Por eso sí que creo que es una gran desconocida. Siguen leyéndose a veces informaciones en las que se habla de “portadores”, que es algo que nos chirría mucho y que ejemplifica muy bien que es verdad que profundizamos poco en la Semana Santa. Porque sin duda es el evento principal de la ciudad, a todos los niveles, trasciende totalmente lo religioso, y creo que es una información muy bonita de hacer y muy agradecida. A poco que escarbes la gente de la Semana Santa está encantada de contarte los entresijos, porque es verdad que lo interesante es conocer un poco la trastienda de lo que vemos después en la calle.

► *En las entrevistas a los responsables de las cofradías que publicas en Diario de Ferrol estos días les preguntas en qué momento pararían la Semana Santa. ¿Y tú? ¿cuando pulsarías el pause?*

► Pues yo pararía en el Martes Santo, en la llegada de la Virgen de la Es-

peranza. Antes de que se meta en el corralón, cuando estás llegando por la cuesta de Méndez Núñez, y todas las portadoras miran a la gente que está ahí porque alguien por quien están pidiendo o haciendo esa penitencia seguramente está ahí. Y en mi caso era mi madre, y yo pararía la Semana Santa ahí, en ese momento •

“Tirarse a la piscina”

Marta Corral, como firma sus artículos, se define como una persona “empresaria”. Fue una de las periodistas que crearon el digital Ferrol360, una “escuela de periodismo”, dice, que después le abrió otras puertas: El Español, las retransmisiones de las procesiones de la Semana Santa en las que la escucharemos de nuevo este año, varios documentales y algún podcast... “Al ser autónoma no te queda otra que disparar a todos lados, porque en el periodismo es complicado, así que siempre he ido asumiendo retos, y al principio tirándome a la piscina”.



PAIXÓN X FERROL



A Semana Santa de Ferrol, tamén en cromos

A Semana Santa de Ferrol salta este ano ao mundo dos cromos. A iniciativa chega da man do ferrolán Chisco Ayguavives Caldevilla, profesional do mundo do audiovisual e persoa emprendedora que puxo en marcha a iniciativa co patrocinio do Centro Comercial Aberto. A Xunta Xeral de Confrarías e Irmandades cedulle imaxes do seu arquivo, asinadas por Roberto Marín, para facer realidade a primeira edición dun álbum que aterrou na cidade con inusitado éxito. Están case esgotados os 2.000 álbumes -o seu impulsor valora facer unha reedición- e véndense a toda velocidade os cromos, dos que saíron 100.000 sobres, con cinco cromos cada un, que

se venden ao prezo dun euro nos establecementos do Centro comercial Aberto A Magdalena e tamén en quioscos e estancos.

Proba do éxito é que, no momento de escribir estas liñas, alguén xa publicou na plataforma Wallpop a súa lista de “reps” e os que lle faltan, para ver de completar a colección. O álbum está estruturado por procesións, cada unha con 9 cromos ata sumar 180. Engádese un apartado máis, titulado “Os meus recordos”, para completar con cromos personalizables. Nos próximos días organizarase de seguro algunha “xuntanza” para intercambiar os “reps”.

